

# O DIREITO PROCESAL EN RELACION COS DELITOS AMBIENTAIS

por Miguel M. Novoa  
Membro de MEL

## LIMIAR

**Compre establecer unha diferenza básica entre os delitos ambientais e o famoso Delito Ecolóxico que se recolle no artigo 347 bis do Código Penal, pois este último vai somente referido aos "vertidos ou emisións na atmósfera, no chao ou nas augas, que poñan en grave perigo a saúde das persoas ou poidan perxudicar gravemente as condicións da vida animal, bosques, espacios naturais ou plantacións útiles". Por tanto, no Código Penal non se reflexan como delito as infraccións da lexislación medioambiental que se cometen; pero cando estas infraccións causan danos na natureza son consideradas como delitos de Danos, porque estes si que están castigados no mentado Código (557 e seguintes). De aí o feito de lles chamar eu Delitos Ambientais a todos os actos que infrinxen as normativas vixentes sobre Meio Ambiente.**

## Inicio do proceso penal

### 1.-A denuncia.

Consiste en pór en coñecimento do Xulgado a existencia dun feito que supostamente é delictivo. Feita a denuncia remata a participación directa do denunciante e o órgano xudicial encárgase de practicar as dilixencias que estime pertinentes para instruír a causa (expediente) co obxecto de investigar os feitos denunciados, por exemplo tomar declaración aos implicados, ás testemuñas, etc.

### 2.-A querela.

Ao igual que na denuncia, na querela pon-se o delito en coñecimento do xuíz; mais a diferenza do denunciante, o querelante adquire categoría de parte e pode intervir en todas

as fases do proceso penal até a celebración do xuízo oral. Podendo incluso propor no escrito da querela que se realicen dilixencias que lle interesen para probar ou mellor valorar a existencia do delito.

## A inspección ocular

Nos delitos graves como o homicidio ou o asasinato os xuíces personan-se no lugar do crime para facer unha dilixencia de inspección ocular. Dado que os delitos ambientais non son tan contundentes, cunha simple denuncia os xuíces non toman a iniciativa de realizar unha inspección ocular. Perdendo-se deste xeito unha das comprobacións que mellor pode contribuir a enxuizar os delitos que, como no caso dos cometidos contra a natureza, deixan vestixios as veces efímeros e de difícil valoración. Non obstante, o querelante no escrito da querela pode solicitar que se leve a cabo unha inspección ocular e tamén que para a súa práctica se conte coa presenza dun perito experto en tasación de danos ambientais.

## Quen paga manda

Pode-se decir entón que a querela, fronte á denuncia permite, unha participación directa nas actuacións xudiciais, pero pagando. Pagando o Avogado e o Procurador que son preceptivos pola lei para formular querela e pagando a fianza que o xuíz estime convinte antes de admitila a trámite. As veces estas fianzas son elevadas e outras son inexistentes, dependendo en todo momento da vontade do xuíz.

## A terceira via

Hai outra maneira menos coñecida de iniciar o proceso penal: comparecer ante o Fiscal (nas dependencias da Fiscalía de cada capital de provincia) e pór no seu coñecimento a existencia do delito, tendo o Fiscal tanta potestade como o xuíz para dispor a práctica das dilixencias oportunas encamiñadas a averiguar as circunstancias do acto delictivo. Comprobado o delito, o Fiscal formular denuncia ante o Xulgado para a continuación do proceso penal.

## O sobreseimento

Admitida a querela e practicadas todas as dilixencias que o xuíz considerou pertinentes das que se lle propuxeron, este pode dictar unha resolución acordando sobreseer a causa e o

seu posterior arquivo, finalizando deste xeito o proceso. Dous son os motivos principais nos que se pode fundamentar a decisión do xuíz: que os feitos non constitúan delito ou que non haxa indicios racionais de se ter cometido o feito supostamente delictivo. O sobreseimento tamén se aplica no caso de que o proceso penal fose iniciado mediante denuncia. Contra el cabe interpor recurso de casación que é de tramitación complexa.

### O xuízo oral

Feita a instrucción e considerando o xuíz que están realizadas todas as actuacións necesarias pasa-lle a causa ao Ministerio Fiscal para que nun prazo determinado califique os feitos e propoña a pena con que deben ser castigados.

No caso da denuncia se o Fiscal califica os feitos como delito entón ao non haber acusación procede-se a decretar o sobreseimento xa que non hai acusación particular personada.

No caso da querela, o querelante xunto co Fiscal forman parte acusadora e aínda que o Fiscal non califique, o proceso segue o seu curso se o querelante mantén a calificación dos feitos como delito.

Despois da calificación toca-lle o turno á defensa para formular o seu escrito e contestar punto por punto o alegado polo Ministerio Fiscal e o querelante.

Rematados os trámites anteriores sinala-se un día para celebrar a vista oral, onde deberán comparecer todos os interesados, pondo-se de manifesto as probas practicadas.

Finalizada a vista o xuíz dicta sentenza. ■

## DENUNCIAS AMBIENTALES: PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO

Unha Orde do 31 de Maio de 1991, publicada no D.O.G. do 5 de Xuño do mesmo ano, establece o procedemento de presentación (e tramitación) de peticións, reclamacións, denuncias ou outras pretensións que en materia de medio ambiente formulen particulares, entidades ou asociacións. Os escritos poden presentarse directamente á correspondente Comisión Provincial de Medio Ambiente (á Comisión Galega de Medio Ambiente, se afectase a máis dunha provincia) ou en calquera órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza. En todo caso, poden dirixirse a: Comisión Galega de Medio Ambiente. Algalia de Arriba, 31-33. 15.704 Santiago de Compostela.

O modelo a que deben axustarse os escritos e que se recolle no Anexo da Orde, reproducése a continuación:

### ANEXO - MODELO DE RENUNCIA OU RECLAMACIÓN AMBIENTAL

Ilmo Sr.:

Don/Dona ..... con DNI .....  
 en representación (1) ....., e con domicilio para efectos de notificación  
 no concello de ..... parroquia de ..... rúa e nº .....  
 distrito postal ..... e teléfono .....

EXPÓN: Que (2)

Os feitos denunciados ou reclamacións SI/NON (3) foron denunciados con anterioridade: o .....  
 de ..... de ....., perante .....

Xúntase (4) a seguinte documentación:

- a) .....
- b) .....
- c) .....

Conforme o que se establece no artigo 1º da orde ..... de ..... de 1991, da Consellería da Presidencia e Administración Pública preséntase a denuncia/reclamación (5) .....

En ..... de ..... de 1993.

Asdo.:

Ilmos. Sr. Presidente da Comisión Provincial de Medio Ambiente .....  
 Ilmo. Sr. Secretario Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente .....

- 1) Propio ou en nome da entidade, asociación, empresa, etc.
- 2) Facer unha descrición sucinta da reclamación ou denuncia que se desexa realizar, indicando:
  - Motivo ou causa.
  - Descrición cronolóxica dos feitos denunciados.
  - Situación e descrición xeográfica do lugar onde se produce o feito denunciado.
 \*Se fose necesario realizar unha descrición máis exhaustiva e detallada en folla/s adxunta/s.
- 3) Rísquese o que non proceda.
- 4) Enumérense os documentos que se presentan.
- 5) Indíquese de xeito resumido o título ou nome da denuncia ou reclamación.